

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Nomeamento funcionaria de carreira - María Jesús Viña Feás

EXPEDIENTE: 2023/G003/001050

Considerando o disposto na Resolución da Alcaldía nº 114/2023, de 27 de xaneiro, que aprobou as bases xerais e específicas e a convocatoria do proceso para a provisión dunha praza de auxiliar administrativa/o, funcionaria/o de carreira, correspondente á Oferta de emprego público do ano 2021.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 8 de agosto de 2023, pola que se propón o nomeamento da aspirante María Jesús Viña Feás, por ser a persoa que superou o proceso selectivo.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 1007/2023, de 24 de agosto de 2023, que lle requiriu á candidata proposta a documentación establecida nas bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por María Jesús Viña Feás o día 25 de agosto de 2023, con Rexistro de Entrada nº 3790.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como funcionaria de carreira, pola quenda de promoción interna, a María Jesús Viña Feás, con DNI nº ***0741**, para prover unha (1) praza de auxiliar administrativa, adscrita á Concellería de Cultura, Turismo, Festas Tradicionais e Festexos.

Segundo.- Notificar a presente resolución á aspirante nomeada, comunicándolle que deberá tomar posesión e incorporarse no prazo dun mes a partir da publicación do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Intervención Municipal e ao Departamento de Recursos Humanos.

Cuarto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal> , no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria accidental, que dou fe
María Elena Sueiro Fernández